

Consideraranse faltas moi graves:

1. Máis de cinco faltas non xustificadas de puntualidade cometidas nun período de seis meses ou dez nun ano.

2. As faltas inxustificadas ó traballo durante tres días consecutivos nun mesmo mes, ou cinco alternas nun período de seis meses.

3. A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto ós seus compañeiros como á empresa ou a calquera persoal realizado dentro das dependencias desta ou durante un acto de servizo en calquera lugar.

4. A simulación de enfermidade ou accidente.

Entenderase sempre que existe falta cando un traballador en baixa por un de tales motivos realice traballos de calquera clase por conta propia ou allea. Tamén se comprenderán neste epígrafe toda manipulación feita para prolonga-la baixa por accidente ou enfermidade.

5. A continuada e habitual falta de aseo ou limpeza de tal índole que produza queixas xustificadas dos seus compañeiros de traballo.

6. A embriaguez durante o traballo.

7. Viola-lo segredo da correspondencia ou de documentos reservados á empresa.

8. Revelar a elementos estraños datos de reserva obrigatoria.

9. Dedicarse a actividades que a empresa declarase incompatibles no seu regulamento de réxime interior ou que impliquen competencia para esta.

10. Os malos tratos de palabra ou obra ou falta grave de respecto e consideración ós xefes ou os seus familiares, así como ós compañeiros ou subordinados.

11. Causar accidentes graves por negligencia ou imprudencia inescusable.

12. Abandona-lo traballo en postos de responsabilidade.

13. A diminución non xustificada no rendemento no traballo.

14. Orixinar rifas e liortas cos seus compañeiros de traballo.

15. A reincidencia en faltas graves, aínda que sexan de distinta natureza, sempre que se cometan dentro dun semestre e fosen sancionadas.

Artigo 15º.-A comisión paritaria.

Formarase unha comisión paritaria para a aplicación e interpretación do convenio, formada pola representación social e a representación económica, que poderán ser asesoradas se para o caso o requiren as circunstancias. Esta comisión reunirse por requirimento dunha das partes nun prazo de 72 horas.

Artigo 16º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o expresamente establecido no presente convenio haberá de atermos ó que dispoña a vixente lexislación.

Artigo 17º.-Negociación.

O presente convenio foi negociado e asinado pola dirección da empresa e o delegado de persoal, dándolle cumprimento así o artigo 85 A do Estatuto dos traballadores.

Táboa salarial

Salario base.

Persoal administrativo:	
Secretario executivo	183.394
Auxiliar administrativo	105.361
Telefonista	99.467
Persoal subalterno:	
Conserxe encargado	108.899
Conserxe	104.180
Ordenanza	99.467
Sereno	99.467
Persoal oficios varios:	
Contramestre	108.899
Mariñeiros	99.467

En Bouzas, Vigo, 23 de setembro de 1999.

Conformes:

Emilio Ruiz Blanco: presidente.

Juan Carlos Fernández García: delegado de persoal.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 76/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural a Fraga de Catasós, no concello de Lalín (provincia de Pontevedra).

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da vixente Constitución e unha necesidade para asegurala pervivencia dos nosos ecosistemas.

As competencias en materia de protección do medio ambiente e da paisaxe fóronlle conferidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.30º do Estatuto de autonomía, asumidas pola Xunta de Galicia a través do Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño.

A Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, define no seu artigo 16.1º os monumentos naturais como espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. A dita protección dispénsase a través da oportuna declaración de monumento natural que, segundo o artigo 21.1º da mesma lei, lle corresponde á Comunidade Autónoma no que o ámbito territorial se encontre situado.

A Fraga de Catasós, tamén coñecida como Carballeira de Quiroga localízase na parroquia de Santiago de Catasós, no concello de Lalín. Este contorno presenta unhas características botánicas de grande importancia, singularidade e beleza, tendo en conta que na súa maior parte constitúe un importante bosque mixto de carballo (*Quercus Robur L.*) e castiñeiro (*Castanea sativa Mill.*), os exemplares do cal son considerados como os mellores de Europa pola súa lanzalía, despertando o interese de diversos inves-

tigadores. En canto ás súas características climáticas e edáficas, hai que sinalar que se encontra dentro do dominio climático oceánico e asentado xeoloxicamente sobre micacitas metamórficas prehercínicas básicas, que dan lugar a solos pardos ácidos, forestalmente productivos.

Por orde da Consellería de Medio Ambiente, do 31 de maio de 1999, someteuse a información pública e posterior trámite de audiencia ós interesados o informe para a declaración da Fraga de Catasós como monumento natural, sen que rematado o prazo do citado trámite de audiencia fosen presentadas alegacións.

Por estas razóns, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecinco de febreiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. De acordo coa Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, declárase como monumento natural a Fraga de Catasós, situada no lugar de Quintela, parroquia de Santiago de Catasós, concello de Lalín, cunha superficie total de 4,5185 ha.

2. A declaración como monumento natural implica a protección pola Administración dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos existentes na zona, mediante a regulación da utilización ordenada dos recursos, que garantan o aproveitamento sostible das especies e dos ecosistemas e a súa restauración e mellora, para facer efectiva a preservación da variedade, singularidade e beleza do seu ecosistema natural e paisaxe.

Artigo 2º

Os límites do monumento natural, representados graficamente no anexo I, son os que corresponden ás parcelas denominadas Cerre da Costa (24.829 m), Tenza de Monte (1.219 m), Zanca de Arriba (4.712 m) e Val de Fernando (14.425 m).

Artigo 3º

1. A declaración da Fraga de Catasós como monumento natural non impedirá as actividades que non menoscaben os valores naturais que fundamentan a protección que con este decreto se pretende. En concreto, poderán levarse a cabo traballos silvícolas, diminución de matogueiras, limpeza de sendas, poda, eliminación de pés e outros traballos que colaboren ó mantemento deste monumento natural.

Para o resto das actividades requirirase, con carácter previo, autorización da Consellería de Medio Ambiente, sen prexuízo dos permisos, licencias e demais autorizacións que sexan esixidos por outras disposicións legais.

2. En todo caso non se poderán realizar en todo o ámbito do monumento natural as actividades seguintes:

- a) A realización de acampadas ou campamentos.
 - b) As actividades de desmonte ou realización de terrapléns.
 - c) Os vertidos de lixo, cascallos e residuos sólidos en xeral, así coma o establecemento de calquera tipo de vertedoiro de lixo no interior do monumento.
 - d) A realización de queimas.
 - e) A colocación de carteis e anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa defensa e sinalización do propio monumento natural.
 - f) A modificación das canles públicas.
 - g) As explotacións e actividades industriais e agrarias.
 - h) A instalación de tendidos eléctricos.
 - i) Os aproveitamentos mineiros de xea presentes na área.
 - j) A realización de edificacións permanentes de calquera tipo.
 - k) O estacionamento e circulación de vehículos fóra dos camiños e vías existentes, agás os vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola e forestal.
3. Os aproveitamentos forestais autorizaranos, de se-lo caso, o órgano competente en materia forestal, tralo informe favorable do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural.

Artigo 4º

A infracción do réxime de protección establecido ou a non observancia da normativa vixente serán sancionadas de acordo con disposto na Lei 4/1989, do 27 marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, ou nas normas que, de se-lo caso, poidan substituíla e demais disposicións que a teor da natureza da infracción resulten aplicables.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente para dicta-las disposicións necesarias para desenvolve-lo presente decreto.


Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintecinco de febreiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente


José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I



Bosquexo da

FRAGA DE CATASÓS (LALÍN)



Decreto 77/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural o Souto da Retorta, no concello de Viveiro (provincia de Lugo).

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da nosa vixente constitución e unha necesidade para asegurar a pervivencia dos nosos ecosistemas.

As competencias en materia de protección do medio ambiente e da paisaxe fóronlle conferidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.30º do Estatuto de autonomía, asumidas pola Xunta de Galicia a través do Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño.

A Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres,

define no seu artigo 16.1º os monumentos naturais coma espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. A dita protección dispénsase a través da oportuna declaración de monumento natural que, segundo o artigo 21.1º da mesma lei, correspóndelle á Comunidade Autónoma no que o ámbito territorial se encuentre situado.

O eucaliptal de Chavín, tamén coñecido polo nome de Souto da Retorta, é un predio situado a carón do río Landro, onde se sitúa un rodal de eucaliptos extraordinario con algún pé dos de maior envergadura de Europa, entre eles, o exemplar coñecido coma *El Abuelo* cun perímetro de 7,55 m e unha altura de 61,78 m, ós que acompaña a vexetación típica da fraga atlántica. Ademais da lanzalía e esvel-